

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E O ATENEO DE SANTIAGO**

En Santiago de Compostela, o XX de XXXX de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, María Goretti Sanmartín Rei, en calidade de alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, con domicilio para, a estes efectos no Pazo de Raxoi, praza do Obradoiro, CP 15701, en Santiago de Compostela e

Doutra, Francisco Candela Castrillo, en nome e representación do Ateneo de Santiago, NIF G-70161096, en calidade de presidente, con domicilio social na praza de Salvador Parga, 4-2º, CP 15704, de Santiago de Compostela, entidade que se rexe polos estatutos aprobados en asemblea xeral extraordinaria o 11 de abril de 2008.

EXPOÑEN

1. O Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En particular, exercerá, en todo caso, como competencias propias e nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, as correspondentes á promoción da cultura e aos equipamentos culturais, ao abeiro do artigo 25.2.m da citada lei.

Neste contexto, o Concello de Santiago de Compostela quere impulsar a recuperación da vitalidade da cidade mediante a promoción de iniciativas e accións que xorden do tecido cultural co obxectivo de fomentar a súa autonomía e consolidación. Este convenio intenta favorecer a diversificación de propostas e potenciar a actividade cultural descentralizada nos lugares públicos ou privados.

2. O Ateneo de Santiago é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública pola Orde 1/10/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que ten como fins: a) A promoción e difusión da educación, a ciencia e a cultura no seu máis amplo sentido, considerando o seu fondo carácter liberador. b) A difusión, desenvolvemento e control do exercicio dos dereitos humanos, cívicos e sociais. c) A penetración dos valores democráticos nunha sociedade civil aberta e progresista. d) A contribución á mellora do coñecemento dos grandes problemas que se orixinan no ámbito da globalización nos planos social, medioambiental, económico e

político-institucional. e) Todos aqueles outros directa ou indirectamente relacionados cos anteriores.

Para o cumprimento destes fins realiza as seguintes accións: a) Organización de todo tipo de cursos, conferencias, seminarios, debates etc., acordes coa súa finalidade esencial de promoción e difusión da cultura. b) Organización e concesión de distincións, premios e outras cualificacións a persoas e institucións públicas ou privadas que destaquen polo seu compromiso coa promoción e defensa dos fins obxecto desta Asociación. c) Colaboración e cooperación con accións e actuacións humanitarias e democráticas, de emerxencia ou non, que poidan requirirse desde calquera ámbito ou lugar. d) Colaboración e cooperación con todas aquelas entidades públicas ou privadas que poidan desenvolver actividades nos ámbitos cultural, científico ou educativo, principalmente. e) Edición de publicacións e información a través de distintos medios e formatos así como realización de exposicións, mostras ou outro tipo de exhibicións relacionadas cos fins da asociación. f) Todas aquelas actividades e actuacións en consonancia co mellor cumprimento dos fins sociais e que así definan a Asemblea de Socios ou a Xunta Directiva.

En cumprimento deses mandatos estatutarios vén desenvolvendo unha intensa actividade no eido da cultura, en colaboración con outras entidades entre as que se atopa o Concello de Santiago de Compostela.

3. A devandita actividade cultural do Ateneo de Santiago resulta de especial interese para a cidade de Santiago de Compostela polo seu impacto positivo na difusión da educación, a ciencia, a cultura, a lingua galega e os valores democráticos. Con base nisto, polo cal o Concello de Santiago de Compostela e o Ateneo de Santiago teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades.

Con ese obxecto, tendo en conta a especificidade da colaboración e que consonte o previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios son o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, ao abeiro do artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes comparecentes acordan subscribir o este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Serán obxecto deste convenio as actividades que o Ateneo de Santiago desenvolve en Santiago de Compostela coa finalidade de promover da educación, a ciencia, a cultura e a

lingua galega nos termos detallados no anexo 1, que, en todo caso, terán carácter cultural, executaranse dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, serán abertas, deberán beneficiar colectividade xenéricas de persoas e non estarán destinada exclusivamente a socios ou socias da entidade.

SEGUNDA. OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello de Santiago colabora economicamente no desenvolvemento destas actividades (anexo I) coa cantidade de **20.000 euros**, que serán ingresados na conta que o Ateneo de Santiago, con CIF G-70161096, ten ao seu nome en ABANCA co número **ES59 2080 0388 2730 4000 0966**.

Esta achega será compatible coas doutras entidades públicas ou privadas e coas complementarias que o Concello poida establecer, sempre e cando a suma das axudas e dos ingresos atribuíbles a cada actividade non supere os custos. Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

A achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 080 33400 4890002 dos orzamentos municipais aprobados para o ano 2025.

En todo caso, as achegas correspondentes á vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA. OBRIGAS DA BENEFICIARIA

Son obrigas da entidade beneficiaria as establecidas con carácter xeral no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as indicadas no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as establecidas no presente convenio, aprobado polo Concello e, en todo caso:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto da subvención no lugar onde se realicen as actuacións por medio dun cartel coa imaxe corporativa do Concello de Santiago, na internet e na restante documentación física ou electrónica que se puidese xerar, facendo constar en todas as actividades que están

subvencionadas polo Concello de Santiago de Compostela.

- c) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención.
- d) Presentar a xustificación por rexistro ao abeiro do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, ademais, enviar o formulario CS023N en formato .pdf e en formato editable (.doc, .docx ou .xlsx) por correo electrónico a teatroprincipal@santiagodecompostela.gal, co detalle da xustificación de gastos realizados e imputados á xustificación da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro dos órganos competentes e achegar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e, en particular:
 - o Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, así de coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
 - o Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- f) Comunicarlle ao Concello a solicitude e obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas xunto coa xustificación das actividades.

CUARTA. GASTOS ELIXIBLES

- 1. En xeral, son gastos elixibles e, por tanto, subvencionables, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención, en particular: programación, persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade e gastos xerais, tendo en conta que:
 - En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
 - Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado por este convenio.
- 2. Especificamente:
 - En relación cos custos de persoal necesario para a preparación ou execución das actividades:
 - serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das

actividades ou programas subvencionados, incluíndo as cotizacións á Seguridade Social, e

- non serán subvencionables os custos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade subvencionada.
 - En relación cos custos materiais derivados da preparación ou execución da actividade subvencionada:
 - serán subvencionables a elaboración de materiais, os gastos de publicidade específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina) e outros gastos correntes que estean debidamente xustificados e se consideren estritamente necesarios para a preparación ou execución da actividade subvencionada, e
 - non serán subvencionables os custos materiais que non estean directa e exclusivamente relacionados coa preparación ou execución da actividade subvencionada.
3. Non se consideraran gastos subvencionables para os efectos desta subvención:
- os de adquisición de equipamento e material inventariable, tales como inmobles, vehículos, equipos informáticos, de telefonía ou maquinaria, sendo esta relación meramente ilustrativa e non limitativa
 - os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais, rexistrais, periciais e os de administración, a non ser que sexan gastos específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada exclusivamente e indispensables para a súa adecuada preparación ou execución,
 - os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, e os gastos de procedementos xudiciais.
4. Especificamente, os gastos de aloxamento, desprazamento e manutención terán en todo caso os seguintes límites máximos:
- 4.1. Cuantitativos:
- a) Por aloxamento, 100,00 €, IVE incluído, por persoa e día.
 - b) Por manutención, 30,00 €, IVE incluído, para cada xantar ou cea, e 15,00 €, IVE incluído, para cada almorzo, cun máximo dun almorzo, un xantar e unha cea por persoa e día.
 - c) Cando no aloxamento fose incluída a manutención (noite de pernocta con almorzo, xantar ou cea incluídas) o límite conxunto por aloxamento mais manutención será de 140,00 €, IVE incluído, por persoa e día.

d) Por desprazamento:

- i. Ou ben 0,26 € por quilómetro, mínimo exento de tributación para efectos de IRPF
- ii. Ou ben custo real do desprazamento en transporte público, IVE incluído

4.2. Cualitativos: correspondentes a gastos ocasionados por:

- a) A persoa que executa a actividade (conferenciante, monitor, intérprete ou similar).
- b) E un máximo dunha persoa se esta fai as funcións de presentadora ou similar,
- c) Exclúense os gastos doutras terceiras persoas que poidan acompañar, sexan ou non persoal remunerado ou non remunerado da entidade beneficiaria da subvención (exclúense en particular gastos de aloxamento, desprazamento ou manutención de traballadoras, voluntarias, persoas en prácticas ou membros do órgano de goberno da entidade, a non ser que executen a actividade.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase ao disposto nas Bases de execución do Orzamento xeral do Concello de Santiago vixente e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase logo da xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para este efecto.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto para cada actividade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

En particular, as cantidades xustificadas con contías inferiores aos gastos orzados, sexa no total ou no parcial dunha ou de varias partidas concretas, serán obxecto da correspondente minoración no importe da subvención cos seguintes límites:

- a) A diminución da cantidade xustificada con respecto ao orzamento de gastos totais da actividade (custo total da actividade orzada no anexo 1) poderá ser dun máximo dun 25%, e, ademais, condicionada a:
 - i. que a suma total de ingresos e subvención non supere o importe dos gastos realizados, e
 - ii. que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actividade subvencionada.
- b) Os gastos por partidas orzamentarias que presenten desviacións negativas poderán compensase co aumento de gasto nas restantes partidas até cubrir o importe diminuído, sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actividade subvencionada.

5.1. A **xustificación do cumprimento das finalidades** que motivan a sinatura do convenio farase achegando, por rexistro consonte o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación:

- a. Formulario CS023N, que tamén se achegará debidamente cuberto en formato .pdf e en formato editable (.doc, .docx ou .xlsx), por correo electrónico a teatroprincipal@santiagodecompostela.gal, co seguinte contido:
 - i. detalle da xustificación de gastos realizados e imputados á xustificación da subvención
 - ii. relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, e dos fondos propios achegados
 - iii. declaración responsable de que a entidade non incorre en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións
- b. Memoria de actividade.
- c. Relación completa de todos os gastos imputados á actividade obxecto da subvención, agrupados por apartados orzamentarios.
- d. Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras entidades públicas ou privadas e ingresos xerados pola actividade.
- e. Xustificantes orixinais dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por un importe igual ou superior ao orzamento presentado pola beneficiaria na solicitude. Non se aceptarán as facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, obra ou servizo facturado.

- f. Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados á subvención concedida.
- g. Catálogos, programas, carteis, folletos, blogs e webs empregados para a difusión e promoción da actividade e copia en formato CD, DVD ou arquivo dixital, dos soportes visuais, gráficos ou sonoros empregados. A documentación dixital poderase achegar por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobar a realización da actividade.
- h. Certificados de ausencia de débedas coa Axencia Española de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social coa Xunta de Galicia.
- i. Certificados de ausencia de débedas co Concello de Santiago de Compostela, única e exclusivamente para o caso de non autorizar a consulta directa.
- j. Tarxeta de identificación fiscal.
- k. Certificado de titularidade da conta bancaria na que debe realizarse o ingreso.

5.2. A **xustificación documental do gasto** efectuado con cargo á actividade obxecto de subvención a que se refire o punto anterior satisfarase coa presentación de:

1. Facturas:

- a) **Facturas** orixinais de gasto (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, se é o caso, a documentación acreditativa do pagamento, xunto cos xustificantes bancarios que o acrediten. As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, se é o caso coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, a respecto das exencións en operacións interiores.
- b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, presentaranse en **orixinal pola sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela**.
- c) A **xustificación do pagamento** das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante **xustificantes bancarios** (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria ou outro) en que consten os requisitos especificados polo artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, a data de expedición, o obxecto de

pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de identificación fiscal de quen expide a factura e domicilio de ambas. Se un xustificante de pagamento inclúe varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento aquelas das que é obxecto.

d) Cando o **pagamento se realice de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga e deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor.

e) Nas **facturas pagadas en efectivo** deberá constar o selo da empresa, con indicación da expresión “recibín” ou análoga e a sinatura e a data do pagamento. En todo caso, o importe máximo como xustificante de gasto admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación desta subvención establécese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

2. Gastos de persoal. Para o caso de imputar gastos de persoal deberán achegarse:

a) Copias dos contratos dos/as traballadores/as destinados especificamente á actividade ou programa obxecto de subvención e, de non cadrar a categoría especificada no contrato de traballo cos labores asignados ao proxecto ou actividade subvencionada este extremo deberá acreditarase ademais co currículo da persoa empregada e coa documentación acreditativa da formación que a habilite para desempeñar a dita función.

b) Nóminas do persoal e xustificantes do seu pagamento mediante transferencia bancaria, que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, mes ao que corresponde e concepto (data da nómina a que se refire) e ordenante.

c) Seguros sociais e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria:

- Relación nominal de traballadores/as (RNT), antigamente denominado TC2.
- Relación de liquidación de cotizacións (RLC), antigamente denominado TC1.

d) Retención á conta do imposto do IRPF e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.

e) Os gastos de persoal deberan acreditarse mediante certificado de empresa no que se acrediten os custos de seguridade social e de empresa, asinado polo titular ou representante legal da entidade. E, en todo caso, deberá acreditarse mediante declaración responsable da persoa que represente legalmente a entidade beneficiaria que o persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada.

5.3. A **xustificación documental do pagamento** dos gastos realizarase por algunha das seguintes formas:

a) Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo e conterá, en todo o caso, a data da transferencia, o importe, o concepto, o número de factura, a persoa ordenante e a provedora.

b) Cheque. Ademais da copia do cheque asinado, xustificarse mediante copia do certificado Bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, o número, a persoa destinataria e a entidade emisora.

c) Efectivo. Só se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministracións adquiridas en establecementos públicos como correos, supermercados etc.). Non poderá superar en ningún caso a contía de 600 € (seiscientos euros) por factura. Acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibo da persoa provedora, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF da provedora, a identificación do cliente e a data de pagamento.

d) Para os pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito ou de débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade e deberá estar asociada á conta da entidade.

e) De achegar xustificantes de pagamento bancarios nos que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que a entidade beneficiaria achegue xunto coa transferencia un certificado bancario da titularidade da referida conta.

A presentación da xustificación realizarase seguindo o modelo CS023N.

Cando a xustificación sexa incorrecta ou incompleta, requiriráselle á entidade que corrixa os erros ou defectos observados ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, logo de adoptada a resolución, a revogar a subvención ou a minorala no que corresponda.

SEXTA. NATUREZA ADMINISTRATIVA, INTERPRETACIÓN E AVALIACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido.

O Concello de Santiago poderá, cando o considere oportuno, comprobar o estado de execución das actividades obxecto do convenio. Crearase unha comisión mixta de seguimento da súa execución e para resolver e interpretar controversias, formada pola persoa titular da Concellaría de Capital Cultural e pola representante da beneficiaria da subvención.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto á súa interpretación, resolución e efectos, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local. Os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde que se notifique a resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

SÉTIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

A alteración das condicións que se teñan en conta para conceder as subvencións e a obtención concorrente doutras subvencións, axudas ou recursos (ou doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras) poden dar lugar a que se modifiquen a resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación nos termos establecidos na súa normativa reguladora. Nese caso, o Concello de Santiago de Compostela pode reclamar o reintegro total ou parcial da suma concedida á entidade beneficiaria nos termos anteriormente estipulados.

Procederá a nulidade e resolución do convenio, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas contidas neste convenio e tamén nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerase polo procedemento establecido no artigo 38 e no título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

de subvencións de Galicia.

Tamén se extinguirá e resolverá ao abeiro do previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

OITAVA. COMUNICACIÓNS

Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa etc., así como o obxecto mesmo do convenio, realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela aprobado polo Pleno do Concello o 29 de decembro de 1988, publicado no BOP o 15 de abril de 1989, especialmente no seu artigo 8.

NOVENA. DURACIÓN

A vixencia deste convenio é do 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2025. Este convenio rexerá durante o ano que andamos e poderá ser prorrogado para o seguinte por acordo expreso das partes cos mesmos obxectivos e por unha contía económica non inferior, supeditado á existencia de consignación orzamentaria.

DÉCIMA. DATA DE XUSTIFICACIÓN

A xustificación deste convenio terá como data límite o 31 de outubro de 2025.

DÉCIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADE

Será responsabilidade da entidade beneficiaria a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requiridas polas actividades incluídas no convenio, dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiras persoas por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSPARENCIA

1. En relación coa protección de datos persoais e privacidade, os datos persoais facilitados serán tratados única e exclusivamente para a xestión de subvencións, nos termos detallados no rexistro de actividades de tratamento ao que se pode acceder publicamente en:

http://santiagodecompostela.gal/e_santiago/interior.php?txt=cc_protecciondedatos&lg=gal.

2. Sen prexuízo do anterior, aplicaranse as disposicións do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas (artigo 7.5), así como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 18 e 20), a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (artigo 15) e, se é o caso, a lexislación correspondente na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. O responsable do tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, NIF: P1507900G, con enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).
4. As persoas interesadas cuxos datos estean a ser tratados polo Concello poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia.
5. Para o exercicio destes dereitos, a persoa interesada poderá presentar unha solicitude dirixida á alcaldesa por rexistro, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (a oficina principal do Rexistro Xeral atópase na rúa do Presidente Salvador Allende 4 baixo, 15705, Santiago de Compostela).
6. As persoas usuarias poden poñerse en contacto co delegado de protección de datos pola mesma canle ou a través do enderezo de correo electrónico dpd@santiagodecompostela.gal se consideran que algún dos seus dereitos non se ten atendido correctamente.
7. Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, mediante escrito dirixido a: Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid, ou accedendo á sede electrónica a través da seguinte ligazón:
<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado, no lugar e data do encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Polo Ateneo de Santiago



María Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

Francisco Candela Castrillo
Presidente do Ateneo de Santiago

ANEXO 1. ACTIVIDADES DO ATENEO DE SANTIAGO 2025

OS LUNS DO ATENEO

Luns, 13 de xaneiro, 19.30h. Conferencia «Europa e a paz», impartida por Francisca Sauquillo, Presidenta de Honra do Movemento pola Paz. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 20 de xaneiro, 19.30h. Conferencia «Festival de Cans: resistencia cultural no contexto rural», impartida por Alfonso Pato, Fundador e Director do Festival de Cans. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 27 de xaneiro, 19.30h. Conferencia «Dúas culturas: a ciencia na literatura galega», impartida por Francisco Díaz-Fierros, Catedrático da Universidade de Santiago e membro da Real Academia Galega. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 3 de febreiro, 19.30h. Conferencia «A escrita de Neira Vilas no ámbito do xornalismo», impartida por Xosé López, Catedrático de Xornalismo da USC, e Fernando Redondo, Presidente da Fundación Xosé Neira Vilas. En colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 10 de febreiro, 19.30h. CONMEMORACIÓN DO ANO CASTELAO. Diálogo «Castelao. Política no exilio: Nación e Federalismo», coa participación de Ramón Villares, Catedrático de Historia Contemporánea e Ex-Reitor da USC, e Ramón Máiz, Catedrático de Ciencia Política da USC e Presidente da Asociación Federalista de Galicia. En colaboración coa Asociación Federalista de Galicia. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 17 de febreiro, 19.30h. Conferencia «Alzhéimer: é hora do cambio?», impartida polo Doutor José María Prieto, Xefe do servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 24 de febreiro, 19.30h. Conferencia «Xornalismo, poder e redes», impartida por Jesús Cintora, Licenciado en Xornalismo e presentador de televisión. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 10 de marzo, 19.30h. CONMEMORACIÓN DO DÍA DA MULLER. Conferencia «Paseando Compostela coas súas mulleres», impartida por Encarna Otero, Historiadora e escritora. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 31 de marzo, 19.30h. Conferencia «Fernando Calvet, pioneiro da Bioquímica e promotor da Biotecnoloxía en Galicia», impartida por Manuel Freire, Catedrático de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC. En colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 7 de abril, 19.30h. CONMEMORIACIÓN DO DÍA DAS ARTES GALEGAS. Conferencia «Isaac Díaz Pardo, Día das Artes Galegas 2025. O pintor que non quixo pintar», impartida por M. Quintana Martelo, pintor e Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 21 de abril, 19.30h. CONMEMORACIÓN DO ANO CASTELAO. Conferencia «Castelao: escritor e artista», impartida polo Historiador Miguel Anxo Seixas, Presidente da Fundación Castelao. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 5 de maio, 19.30h. Conferencia «O Coro do Mestre Mateo revelado: a recuperación dun monumento único», impartida por Francisco Prado-Vilar, Profesor de Historia da Arte da USC e Investigador Distinguido do CISPAC (Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais). Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 12 de maio, 19.30h. CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Conferencia sobre as cantareiras, impartida por Malores Villanueva, profesora, editora, crítica literaria e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 19 de maio, 19.30h. Conferencia «Accesibilidade á vivenda e desigualdade social no século XXI», impartida por Ismael Yrigoy, Doutor en Xeografía e Investigador da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 26 de maio, 19.30h. Conferencia «Rompendo as murallas do localismo: Vigo en Santiago», impartida por Manuel Bragado, escritor, editor e profesor. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 2 de xuño, 19.30h. Conferencia sobre San Martiño Pinario, impartida por Juan Manuel Monterroso, Catedrático de Historia da Arte da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 9 de xuño, 19.30h. Conferencia sobre a Fundación RIA, impartida por Manuel Rodríguez, Director da Fundación RIA. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 16 de xuño, 19.30h. Conferencia «Planificando o futuro: a gran transición», impartida por Juan Casares, Doutor en Química e Ex-Reitor da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 6 de outubro, 19.30h. Conferencia impartida pola Presidenta do Consello de Estado. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 13 de outubro, 19.30h. Conferencia «Da expresión dos afectos á independencia instrumental: a escritura idiomática do Barroco», impartida por Beatriz Cancela, Doutora en Historia e Ciencias da Música. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 20 de outubro, 19.30h. Conferencia pendente de determinar. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 27 de outubro, 19.30h. Conferencia pendente de determinar. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

IV MOSTRA INTERNACIONAL DE CINE E EDUCACIÓN (CINEDUCA): a realizar do 11 de marzo ao 2 de abril na Rúa do Vilar, 19, consiste en seis proxeccións, unha conferencia, unha mesa redonda e o concurso Cineduca para os centros educativos non universitarios de Galicia, durante os meses de xaneiro e febreiro, coa entrega do IV Premio Ateneo Cineduca no mes de abril. Esta cuarta edición está centrada no tema «Educación e cidadanía», é dicir, como as películas presentan o papel da educación e as escolas como axentes centrais da construción da cidadanía nos escolares. Este tema resulta moi relevante para o Ateneo de Santiago pois constitúe o eixo básico da nosa proxección sobre a cidade, ademais de que nesa mesma visión de cidadanía está comprometida a educación en todos os seus niveis, da etapa infantil á universidade, téndoa recollido o cine en non poucas películas. Así, os filmes seleccionados tratarán temáticas como os valores, o respecto ás diferenzas, o sentimento de pertenza a unha comunidade cultural e social, os dereitos e deberes como

ciudadán, etc., iniciándose as proxeccións cunha presentación da obra de aproximadamente dez minutos para, despois da emisión da película, rematar cun coloquio entre os asistentes. A mostra complétase cun conxunto de pezas audiovisuais realizadas nos centros de ensino non universitarios de Galicia, procurando así impulsar a creatividade, fomentar a expresión a través dos novos medios e dar a coñecer o traballo levado a cabo neste eido por ensinantes e alumnado.

Martes, 11 de marzo, 19h. Proxección da película «Amal» de Jawad Rhalib, comentada por Xosé Armas, Director do Departamento de Didácticas aplicadas da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Mércores, 12 de marzo, 19h. Proxección da película «Esta terra é miña» (*This Land is Mine*) de Jean Renoir, comentada por Antón Porteiro, Ex-Asesor Técnico na Consellería de Educación. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 17 de marzo, 19.30h. Conferencia «Educar en cidadanía: un compromiso co futuro», impartida por José Antonio Caride, Catedrático de Pedagogía e Didáctica da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 18 de marzo, 19h. Proxección da película «Unha razón brillante» (*Le brio*) de Yvan Attal, comentada por Luis Trillo, Licenciado en Dereito e Ciencias Políticas pola Universidade Carlos III de Madrid. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Mércores, 19 de marzo, 19h. Proxección da película «Adeus, rapaces» (*Au revoir les enfants*) de Louis Malle, comentada por José Manuel González Herrán, Catedrático de Literatura Española e Profesor emérito da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Luns, 24 de marzo, 19.30h. Mesa redonda «Cine, Educación e Cidadanía», coa participación de Marcos Gallego Fernández, cineasta; Sofia Rama Lorenzo, profesora do IES Félix Muriel de Rianxo; e Felipe Guerra, cineasta e formador, membro da asociación portuguesa AO NORTE de Viana do Castelo; e estará coordinada por Miguel Zabalza, Catedrático de Didáctica e Organización Escolar e Profesor emérito da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 25 de marzo, 19h. Proxección da película «No mundo a cada intre» (*En el mundo a cada rato*) de Patricia Ferreira, Pere Joan Ventura, Chus Gutiérrez, Javier Corcuera e Javier Fesser, comentada por Mar Lorenzo, Decana da Facultade de Ciencias da Educación. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Mércores, 26 de marzo, 19h. Proxección da película «O mestre que prometeu o mar» (*El mestre que va prometre el mar*) de Patricia Font, comentada por Maricarmen Sánchez, Catedrática de instituto. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Mércores, 2 de abril, 19h. IV PREMIO ATENEO CINEDUCA. Entrega dos premios aos centros educativos e proxección das curtametraxes «Soños para levar. Unha historia chea de historias» do CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Ponteareas, primeiro Premio Ateneo Cineduca 2025; «65 TONELADAS» do IES Poeta Añón de Outes, segundo Premio Ateneo Cineduca 2025; e «El número 23» do IES A Pinguela de Monforte de Lemos, Mención honorífica do Premio Ateneo Cineduca 2025. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

RADIO ATENEO PODCAST: emisora online que retransmite dende o local social do Ateneo en formato podcast a través da páxina web www.ateneodesantiago.gal e redes sociais como Spreaker, Spotify e iVoox. Está dedicada integramente á vida sociocultural en Compostela, cunha mirada especial á vida da cidade, a arte, a educación, a cultura e a ciencia, cunha programación participativa e aberta a todas as persoas interesadas en contidos pouco habituais en medios de comunicación convencionais.

PROGRAMAS DE RADIO ATENEO POSCAST:

As mulleres no rueiro de Santiago: pretende falar das mulleres que están no rueiro da cidade para dalas a coñecer, pero tamén das que aínda non están e que polas súas achegas deberían optar a ese recoñecemento.

Ateneo Barroco: programa no que se ofrecen, cos comentarios de Maricarmen Sánchez, as gravacións de todas as obras interpretadas no Festival de música antiga e barroca Ateneo Barroco.

Ateneo Jazz: espazo de música jazz que agrupa temas tradicionais e modernos. Conducido por Antón Porteiro, é un programa para os amantes do jazz e todos aqueles que queiran achegarse a el.

Ateneo Viaxeiro: programa no que Marisa Somoza e Marieli F. Zanca narran as visitas realizadas polo Ateneo de Santiago ao patrimonio e aos lugares históricos de Galicia.

Axenda cultural: emítese todos os luns incluíndo todos os actos culturais previstos para a semana, indicando lugar e hora de celebración así como unha breve descrición do contido das actividades.

Cidade e Universidade: Manuel López-Rivadulla aborda a revitalización da cidade pola labor institucional protagonizada en democracia polo Concello e a Universidade, sometendo a un cuestionario fixo a alcaldes e reitores e así, coas súas palabras, poder achegarnos ao seu traballo de cooperación para ver o que fixeron polo renacemento de Compostela.

CINEDUCA: espazo dedicado á Mostra Internacional de Cine e Educación con críticas das películas programadas, entrevistas aos presentadores das diferentes actividades e crónicas dos actos.

Comezos: nova incorporación deste ano 2025, onde Pilar Sampedro presenta o comezo dunha obra literaria en galego en cada episodio co obxecto de que os ouvintes adiviñen de que libro se trata, fomentando, así, a posterior lectura completa da obra.

Compostela nas pequenas historias: neste programa Carburo reflicte a memoria viva da cidade sacada dos diversos xornais editados en Compostela nos séculos XIX e XX, dos textos dos cronistas, das lendas populares e dos contos de taberna.

Cóntame un conto: este programa de Carmen García Atienza busca transmitir, a través dos contos, a maxia da literatura.

Entrevistas: entrevistas en profundidade con diversas personalidades que teñan algo que achegar ao Ateneo, á cidade, á cultura ou ao ámbito social.

Escoita Compostela: este programa presenta cada semana un conxunto de sons da cidade para que os oíntes participen, a través de comentarios nas redes sociais, tentando adiviñar de que lugar de Compostela se trata.

Falamos de libros: este programa percorre os andeis de libros de Maricarmen Sánchez, acompañándoa nas súas lecturas e descubrindo os seus títulos e autores favoritos.

Gastro Radio: programa de cociña, gastronomía e alimentación no que David Sobrino dá conta de toda a variedade de produtos da nosa terra, con participación de persoeiros relevantes na nosa cultura culinaria, entrevistas e unha pequena receita en cada programa.

Libros para as medras: neste programa Pilar Sampedro, membro da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), dá a coñecer as diferentes opcións existentes de libros para bebés e para a mocidade así como para «xente que aínda non acabou de medrar».

Luns do Ateneo: ofrece un resumo en 10 minutos das conferencias periódicas dos Luns do Ateneo.

Media ducia de poemas e unha canción: dirixido por Pilar Sampedro, cada episodio deste programa consiste na lectura de seis poemas por varios convidados, rematando cun poema musicalizado.

Música clásica dende 1900: neste espazo, Zinnia fai un percorrido por numerosos compositores de música clásica dende o ano 1900 en adiante, podendo coñecer máis sobre a súa biografía e traxectoria así como escoitar a súa música.

Música e cine: nestes podcasts Antón Porteiro analiza a música das películas, dende o comezo das bandas sonoras ata a actualidade, facendo palpable a simbiose existente entre o cine e a música.

O rueiro dos nenos: programa de Carmen García Atienza dedicado aos nenos e nenas para que coñezan a historia da persoa que lle dá nome a cada rúa da cidade de Santiago de Compostela.

Onda peregrina: programa, da man de Manolo Fraga, sobre a experiencia dos Camiños de Santiago e o universo xacobeo, mediante a realización de entrevistas a peregrinos ou responsables de entidades e empresas relacionadas coas diferentes rutas do Camiño.

Os museos de Santiago de Compostela: realizado pola Historiadora da Arte Maricarmen Sánchez, ten como obxectivo dar a coñecer os museos da cidade, o seu contido, arquitectura e características principais como introdución e complemento á súa visita.

Parellas icónicas: neste novo programa incluído este ano Carmen García Atienza presenta a diferentes parellas que existiron ao longo da historia e que destacaron en ámbitos políticos, históricos, científicos, culturais, etc, describindo a súa vida e obra para coñecer o legado e pegada que deixaron no mundo.

Paseando por Compostela con mulleres: neste programa Encarna Otero fai un percorrido por Compostela (as súas rúas, os seus barrios, as súas parroquias...) coas súas mulleres, a maioría delas pouco coñecidas, moitas anónimas. A vida de Compostela, como a de moitos outros lugares, sería impensable sen elas, non estaría escrita.

Píldoras de información farmacéutica: nos podcasts deste programa Isabel Sánchez, Licenciada en Farmacia, soluciona as dúbidas que xorden con moita frecuencia aos usuarios da farmacia.

Psicoeduca: este programa, realizado por Juma, trata sobre a saúde, entendida como un bo estado de benestar físico, emocional e social, así como sobre educación.

Radiodebates: espazo que trata os principais temas de debate na sociedade compostelá a través da conversa entre distintos axentes.

Reportaxes: programa informativo que trata un tema en profundidade falando con distintas fontes.

Programas especiais: engloba podcasts de diversa temática realizados na súa maior parte para conmemorar unha data concreta como o Día da Radio ou o Día das Letras Galegas.

CLUB DE LECTURA: impartido por Carlos Valdés, editor en Irmás Cartoné, desenvólvese dous martes ao mes nos períodos xaneiro-xuño e outubro-décembro, en sesións de hora e media de duración. As lecturas, en galego e castelán, agrúpanse no bloque temático «Inquedanzas actuais (nas dúas beiras do Atlántico)». Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo e Sala de Actividades do Ateneo de Santiago.

Martes, 7 de xaneiro, 17.30h. Debate sobre *Ropa de casa* de Ignacio Martínez de Pisón.

Martes, 21 de xaneiro, 17.15h. Debate sobre *Material de construcción* de Eider Rodríguez.

Martes, 4 de febreiro, 17.15h. Debate sobre *Un anarquista* de Diego Ameixeiras.

Martes, 18 de febreiro, 17.15h. Debate sobre *Peregrino transparente* de Juan Cárdenas.

Martes, 11 e 25 de marzo, 17.15h. Debate sobre *La llamada* de Leila Guerriero.

Martes, 8 e 22 de abril, 17.15h. Debate sobre *Elogio de las manos* de Jesús Carrasco.

Martes, 6 de maio, 17.30h. Debate sobre *Temporada de huracanes* de Fernanda Melchor.

Martes, 20 de maio, 17.30h. Debate sobre *A parte fácil* de Ismael Ramos.

Martes, 3 e 17 de xuño, 17.30h. Debate sobre *El invencible verano de Liliana* de Cristina Rivera Garza.

Martes, 7 e 28 de outubro, 17.30h. Pendente de determinar.

ROTEIROS E VISITAS CULTURAIS

Martes, 28 de xaneiro, 12h e 13h. Visitas á exposición « Compostela a lupa. Manuel Chicharro Bisi entre dous aniversarios 1849-1924» na Casa do Cabido, guiadas polo seu Comisario, Carlos Castela.

Sábado, 29 de marzo, 11h. Roteiro «Paseando e lembrando as mulleres de Compostela», guiado pola historiadora Encarna Otero.

Martes, 1 de abril, 11h. Visita guiada á exposición «Mar Caldas: mulleres, traballo e memoria» no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Venres, 9 de maio, 17h. Visita á exposición «Ollos de vidro. As formas doutra historia de Galicia» no Auditorio de Galicia, guiada polo seu Comisario, Germán Labrador.

Maio-xuño. Visita guiada ao Parlamento de Galicia.

Maio-xuño. Roteiro á beira do río Sar: Banquete de Conxo e Colexiata de Sar.

Maio-xuño. Visita guiada á Igrexa de San Martiño Pinario.

Setembro-Outubro. Visita ao Museo de Historia Natural da USC.

Setembro-Outubro. Visitas guiadas a exposicións realizadas na cidade de Santiago e outras visitas e roteiros pendentes de determinar.

SEMINARIO EUROPA: actividade coorganizada polo Ateneo de Santiago e a Asociación Federalista de Galicia, consistente nunha serie de coloquios sobre as institucións europeas, que trata de recoller as inquietudes da cidadanía e, ao tempo, poida contribuír a un mellor coñecemento da gobernanza europea e das súas institucións. De carácter aberto e participativo, as sesións mensuais estarán conducidas por Cristina Ares Castro-Conde, Profesora de Política da Unión Europea da USC, quen inicia cada unha delas achegando información relevante do tema a tratar para, a continuación, seguir cun coloquio estre os asistentes.

Xoves, 6 de febreiro, 19.30h. «Trump versus Von der Leyen: migracións e política», coa participación de Daniel González Palau, Director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional). Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Martes, 29 de abril, 19.30h. «Presente e futuro da seguridade e defensa europea», coa participación de José Julio Fernández Rodríguez, Director do Centro de Estudos de Seguridade (CESEG). Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Xoves, 22 de maio, 19.30h. «A gobernanza dos océanos: a contribución de Europa», coa participación de Carlos Teijo, Director do Centro de Estudos e Documentación da Unión Europea e Profesor Titular de Dereito Internacional Público da USC. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Xoves, 12 de xuño, 19.30h. . Sesión do Seminario Europa pendente de determinar. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Outubro. Sesión do Seminario Europa pendente de determinar. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

CINECLUB ATENEO: ciclos de cinema temáticos con proxeccións dunha película e posterior análise e debate entre o público. Este ano levaranse a cabo dous ciclos: «Cinema galego do século XXI» (xaneiro-febreiro) e «O cine francés do século XXI» (maio-xuño).

Martes, 14 de xaneiro, 19h. Proxección da película «Eroski Paraíso», comentada polo seu director, Jorge Coira. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 21 de xaneiro, 19h. Proxección da película «O lapis do carpinteiro», comentada polo seu director, Antón Reixa. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 28 de xaneiro, 19h. Proxección da película «Doentes» de Gustavo Balza, comentada polo seu guionista, Roberto G. Méndez. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 4 de febreiro, 19h. Proxección da película «Malencolía», comentada polo seu director, Alfonso Zarauza. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 11 de febreiro, 19h. Proxección da película «Sofía Casanova: a obreira do pensamento», comentada pola súa directora, Zaza Ceballos. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 18 de febreiro, 19h. Proxección da película «O home e o can» de Ángel de la Cruz, comentada polo seu protagonista, Manuel Manquña. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 25 de febreiro, 19h. Proxección da película «Salta!» de Olga Osorio, presentada pola actriz Mabel Rivera, intérprete dunha das personaxes. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 20 de maio, 19h. Proxección da película «As neves do Kilimanxaro» (*Les neiges du Kilimandjaro*) de Robert Guédiguian. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Martes, 27 de maio, 19h. Proxección da película «Frantz» de François Ozon. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Martes, 3 de xuño, 19h. Proxección da película «Mali Twist» (*Twist à Bamako*) de Robert Guédiguian. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

Martes, 10 de xuño, 19h. Proxección da película «8 mulleres» (*8 femmes*) de François Ozon. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

OUTRAS ACTIVIDADES

PRESENTACIÓNS:

Mércores, 19 de febreiro, 19.30h. Presentación do libro-disco «Fremosas. Cantigas de amigo e de amor» de Barahúnda, consistente nun concerto comentado polos músicos Helena de Alfonso (canto) e Jose Lara Gruñeiro (guitarra e canto), pomenorizando tanto a explicación das cantigas interpretadas como o contexto histórico das mesmas. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Xoves, 3 de abril, 19.30h. Presentación do libro «El tiempo es oro. Economía política del nanosegundo» de Xosé Carlos Arias, Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo. Acompaña ao autor Ramón Villares, Catedrático de Historia Contemporánea e profesor emérito da USC. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Martes, 13 de maio, 19h. Presentación do libro «Un Comisario en el Consejo de Europa» de Álvaro Gil-Robles, Primeiro Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa. Acompañan ao autor José Luis Carro Fernández-Valmayor, Profesor Emérito de Dereito Administrativo da USC, e Valentín Carrera, escritor e xornalista. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Mércores, 4 de maio, 19.30h. Presentación da novela «A filla de Lucrecia» de Xabier Paz. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Outubro. Presentación pendente de determinar. Lugar: Rúa do Vilar, 19.



FALADOIROS:

Mércores, 7 de maio, 19.30h. Faladoiro Solidario, coa participación de María Rozas, Concelleira de Servizos Sociais de Santiago, e unha técnica de Asuntos Sociais. Lugar: Salón de Actos Isaac Díaz Pardo do Ateneo de Santiago.

CURSO DE MEDITACIÓN, impartido por Zinnia Maravell: levarase a cabo todos os mércores de 19h a 20h dende o mes de xaneiro ata xuño e de outubro a decembro. Lugar: Sala de Actividades do Ateneo de Santiago.

OUTRAS:

Xuño. Acto de entrega dos Premios da Crítica en lingua galega, en colaboración coa Asociación Galega da Crítica. Lugar: Rúa do Vilar, 19.

Outras actividades pendentes de determinar.

**ORZAMENTO DESAGREGADO DE
ACTIVIDADES CULTURAIS DO ATENEO DE SANTIAGO**

Actividades: Os Luns do Ateneo, IV Mostra Internacional de Cine e Educación (CINEDUCA), Radio Ateneo Podcast, Club de lectura, Roteiros e Visitas Guiadas, Seminario Europa, Cineclub Ateneo e Outras actividades.

Exercicio: 2025

Datas de realización: Do 7 de xaneiro ao 31 de outubro.

Importe da actividade: 38.000€

Importe da subvención concedida: 20.000€

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS
(Detallar o orzamento por partidas/actividades)

CONCEPTO	BASE	IVE	TOTAL
1. Conferenciantes e outro persoal	23.500,00 €	----	23.500,00 €
2. Material e servizos necesarios para a realización das actividades	4.132,23 €	867,77 €	5.000,00 €
3. Aluguer de locais	3.719,01 €	780,99 €	4.500,00 €
4. Publicidade e distribución	3.305,78 €	694,22 €	4.000,00 €
5. Outros gastos varios	826,45 €	173,55 €	1.000,00 €
Total	35.483,47 €	2.516,53 €	38.000,00€

ORZAMENTO DESAGREGADO DE INGRESOS
(Detallar o orzamento por entidades financiadoras)

ENTIDADE FINANCIADORA	IMPORTE PREVISTO	% SOBRE O TOTAL DE INGRESOS PREVISTOS
1. Concello de Santiago de Compostela	20.000,00 €	52,63 %
2. Deputación da Coruña (en fase de solicitude)	10.000,00 €	26,32 %
3. Fondos propios achegados pola entidade	8.000,00 €	21,05 %
Total	38.000,00 €	100,00 %